

O larchán

nº 30

do Cotarelo



POCO

SHOT ON POCO 1000

ies Armando Cotarelo Valledor

Exploradores de
ruta polo mundo

SUMARIO

Sumario.....	2
Florencio Delgado, vida.....	3
As verbas de Florencio	4
A poesía de FDG	5
Contacantos polas Letras ...	6
O foco da noticia.....	7
Concluídos	11
Magosto	13
Entroido	14
Mundo nipón.....	15
Virgil Abloh, perfil	22
Graduadas	23
A nosa natureza.....	25
Erasmus Go Green.....	27
Contra os microplásticos	33
Día da Terra.....	35
Deportes	36
Ganadores Día do Libro....	40
Premios ao Mérito	41
Silendo! Rodando!.....	42
De Ruta.....	43

AS VERBAS DE FLORENCIO

FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, O POETA DAS IRMANDADES

LETRAS GALEGAS 2022

VIDA

Florencio naceu en Corgomo, no Concello de Vilamartín de Valdeorras, no mes de agosto de 1903. O traballo do seu pai, perito agrónomo, obrigou á familia a continuos traslados. Así que Florencio viviu en Ourense, Palencia e Valladolid, entre outros lugares.

Aló en Valladolid iniciou os estudos universitarios e espertou a súa conciencia política a través da lectura de **A Nosa Terra**, o xornal que daba voz ás Irmandades da Fala.

Regresou a Valdeorras no 1928 e é nese momento cando comeza a súa actividade poética. Ao mesmo tempo, botou a andar a Irmandade Galeguista de Valdeorras.

No 1934 chega o primeiro éxito literario de Florencio coa publicación da súa escolma de poesías **Bebedeira**.

Chega o Golpe de Estado do 36 e, 3 anos despois, Florencio marcha a Francia con pasaporte republicano. De ali, trasládase a México.

No 1943 editase o **Cancioneiro da Loita Galega**, cun alto contenido político. Segue editando poemas desde o exilio. Non regresou a Galicia ata a década dos 60 ainda que só para visitas más ou menos longas.

Morreu en California no 1987.

A súa familia e amigos lembran como un poeta moderno, bailón, cantador de tangos e fados, milongas e rancheiras, sensible e agradecido, e sempre, sempre, republicano

Na foto, no medio, ao carón de Ramón Cabanillas fillo



AS VERBAS DE FLORENCIO

POETA, TRADUCTOR E ACTIVISTA POLÍTICO

AS VERBAS DE FDG

CALDEIRA	ENGUEDELLAR
CASTRAPO	BEBEDEIRA
PEZOÑENTA	GORENTAR
RUAR	TANXER
ESFRAGARSE	CARRELO
RELANZO	PEGUREIRO
TANGARAÑO	PURRELA
GUIEIRO	SOURIL
LENE	ILLARGA



OBRAS

POESÍA

Bebedeira. Santiago: Nós, 1934.
Galicia infíndia. Vigo: Galaxia, 1963.

Cantareñas. Sada - A Coruña: Ediciós do Castro, 1981.

O soño da Guierra. Sada - A Coruña: Ediciós do Castro, 1986.

OBRAS COLECTIVAS

Cancioneiro da lotta galega. México: Partido Galeguista, 1943.

PRENSA

Saudade. Verbas galegas das Américas.

Vieiros.



AS VERBAS DE FLORENCIO

OS VERSOS DE FLORENCIO

vozes

¡Galicia é infinda!
Nosa Galicia é máis que toda a terra.
Non é xa o cativo currunchiño
que din escolas vellas.
Cómprenos desbotar antigos erros
fillos de mente estreita:
¡Galicia é infinda!

Bela estrada de ensono,
con macadam de estrelas,
a Via Látea é camiño
que leva a Compostela,
boxe e outrora faro,
a cibdade ecuménica
que aluméou, na Europa,
trebas da Edade Meia.

Polo mundo espallados
ván os netos dos celtas.
Dende austral Buenos Aires
á parroquia labrega:
do New-York bolidante
ás indianas ribeiras;
da pelica de touro
ata a China de lenda...
Dende o berce sabido
á final cova incerta:
os boscos do Amazonas,
caspaeiras brañegas,
do Courel as searas,
casi da veira do Sena,
de Hong-Kong as batucas

as viñas valdeorresas,
coqueirais das Antillas
augas bacalloeiras...
Agros, mares e montes,
vilas, cidades, cities, towns, aldeias,
os recantos do Mundo...
¡Todo é terra galega!
¡Galicia é infinda!
Noso meirande río non é o Mino,
galán a namorar moza ribeira,
nin o Sil, gabancioso do seu ouro
e do seu belo enfeite de cepeiras.
O Golf stream é o noso río meirande:
rio que rega as xixilantes veigas
e os carreiros de escuma
que ás sereias gorentan;
o dos risos de choiva,
garimoso de névoas,
que anda a apalparlle os peitos ás montañas
para folgarse coelas
e, afoutado, cobrilas,
pra ser pai de regueiros e fontelas.
¡Galicia é infinda!

Nosa Galicia é máis que toda a Terra
Galicia só limita coa Saudade,
elástica fronteira
que serve para o tempo e para o espacío
-onde un galego está, atópase ela-
mais que ninguén atravesala pode
inda que leve nos papés: poeta.

Letras Galegas

Para conmemorar as Letras Galegas, dende Biblioteca iniciamos unha nova actividade: contacontos para nenos. Rapaces de 2º da ESO foron á Escola Infantil de Vilaxoán e aos nosos centros de Primaria adscritos, o CEIP de Rubiáns e o de Vilaxoán, para compartir un tempo de animación á lectura cos máis cativos. E non sabemos quen quedou máis contento, se os pequeños ou nós!



POCO
SHOT ON POCO F2 PRO

Na Escola Infantil de Vilaxoán, un grupo de alumnos de 2º da ESO interpretaron para os nenos de 2 e 3 anos “**A toupiña que quería saber quen lle fixera iso na cabeza**”.

Un gran éxito de público!



POCO
SHOT ON POCO F2 PRO

O foco da noticia

A IMPORTANCIA DOS AVANCES

A ciencia sálvanos

Por Antía Touriño Dieste, 3º ESO A



O día 12 de xaneiro foi a primeira vez que se realiza un transplante dun corazón de porco a un ser humano. A persoa á que se lle transplantou foi David Bennett, de 57 anos. El era, ata o venres, un paciente terminal que levaba seis semanas ingresado e que pola súa condición clínica específica non calificaba para recibir o corazón doutra persoa. Isto sucede na Facultade de Medicina da Universidade de Maryland (Estados Unidos). Neste centro levábase tempo estudiando estes transplantes. De feito, nos últimos cinco anos transplantaron corazones de porcos a 50 babuinos despois de insertaralles 6 xens humanos para posibilitar que o sistema inmune tolerase mellor o novo corazón. A operación durou 8 horas e o Doctor Bartley Griffith afirma que o home segue con vida despois de 3 días da súa operación.



O foco da noticia

SAÚDE MENTAL: A PANDEMIA SILENCIOSA

CADA DÍA AUMENTAN OS CASOS DE SUICIDOS EN ADOLESCENTES

Por Sara Paz Recouso, 3º ESO A



Nos últimos anos foron incrementando o número de suicidios, e pasou a converterse así na principal causa de morte na xente xove. Durante a pandemia si é verdade que o número de mortes a causa do suicido baixaron notablemente, pero unha vez que se foi levantando o confinamento, e fomos volvendo pouco a pouco á normalidade, os casos foron ascendendo:

"La pandemia ha elevado de forma grave la cifra de intentos frustrados o consumados en la población de 15 a 29 años" El País, Xaneiro do 2022.

Os medios comezaban a recoller as noticias sobre o tema, ao tempoo que aumentaba a preocupación. Ata agora non se tomaron as medidas nin se destinaron os recursos necesarios. Durante moitos anos este tema do suicidio foi tratado como tabú, xa que se creía que tanto más se falase del, máis ía incitar a facelo; pero sabemos que é todo o contrario: falar sobre el serve de precaución e axúdanos a pensalo dúas veces antes de rematar coa nosa vida por completo: "Fotolo é a principal forma de prevíto"

Os principais motivos que incitan ás persoas a suicidarse poden ser moi variados. Soledade, problemas familiares, problemas de autoestima ou incluso as redes sociais poden levarnos a cometer este acto. As redes sociais e a autoestima neste tema poden vir na contra, xa que nas redes todo o que vemos parece bonito aínda que en realidade non o sexa. A xente nova na gran maioría agora adoita utilizar filtros para os selfies, fotos, videos... Os cales retocan a imaxe e nos fan sentir ben con nós mesmos, e axúdan a reunir confianza para publicar esa fotografía. Os problemas veñen cando non nos atopamos no mundo virtual, senón no real, o feito de non poder utilizar filtros, e non vernos coma nos vemos na pantalla do teléfono fainos sentir mal, e fainos pensar que non valemos para nada, que non somos suficiente.

Hai rapaces e rapazas que pensan todo isto, e ao final acaban coa súa vida pensando que non chegaban ao alcance dos cánones de beleza da sociedade. Todo isto non só pasa en España, senón ao redor de todo o mundo. Aquí deixo unha gráfica do avance dos suicidios ata o 2020 en todo o mundo.

O foco da noticia

Recollida de alimentos para protectora de animais

Durante toda esta semana, voluntarios da perreira de Vilagarcía aceptaban donacións de alimentos en moitos supermercados para todos estes cans que desafortunadamente están abandoados. A responsable da asociación, Victoria Hernández, agradeceu moito a colaboración da xente xa que recaudaron case máis da metade ca o ano pasado, tanto en alimentos e produtos de hixiene coma en aportacións económicas.

Por Sonia Ferreirós Oubiña, 1º BACH A



Outro ano máis, a protectora de animais de Vilagarcía pediu doazóns dende o 23 ao 30 de marzo en distintos puntos da cidade, xa que lles custa moito cubrir as necesidades básicas dos cans e gatos que se encontran alí. Grazas a esta iniciativa conseguiron unha gran cantidade de produtos, e de moi boa calidade, moitos máis ca os que conseguiron o ano pasado, acadando este ano uns 700 quilogramos de comida, un grande éxito! Ademais da comida tamén se daorón produtos de hixiene tanto para os animais, coma para as instalacións. Os animais, para poder estar moi sans, necesitan tamén, aparte dunha boa alimentación, estar limpos para non contraer infeccións ou enfermidades. E por suposto grazas aos produtos de limpeza destinados aos lugares onde se instalan, poden quedar nun sitio limpo e acolledor porque as súas coidadoras e coidadores fan todo o posible para que estes desdichados animais teñan unha boa vida. Á parte disto, muitas persoas ofrecéronse para cubrir as necesidades dos cans, máis concretamente a sacalos a pasear ou axudar na protectora. Aínda así, estes animais necesitan un fogar onde lles den o amor que eles merecen e formar parte dunha familia. Esta é a razón pola que, por se alguén está pensando en ter unha mascota, queremos lanzar desde aquí esta mensaxe: mellor adoptar e non comprar, pois así non se fomenta a compraventa de animais promovendo un negocio; resulta económico, podes atopar o animal que mellor se adapte a ti e ás túas circunstancias; e o máis importante: estás salvando unha vida ofrecéndolle un novo comezo.

A protectora segue aceptando doazóns así que non dubides en axudar comunicándote co número da protectora (666 111 222) ou mediante o seu correo electrónico protectora@traballo.es. Non dubides en botar unha pata!

O foco da noticia

UN ANO MÁIS DE XACOBEO

Por primeira vez na historia o Ano Santo Xubilar celébrase durante dous anos a causa da pandemia da Covid

Por Lara Rodríguez Frieiro, 3º ESO A



O Xacobeo, tamén coñecido como Ano Xacobeo, Ano Santo ou Ano Xubilar, celébrase exclusivamente o ano que a festividádo do Apóstolo Santiago do 25 de xullo cae en domingo. Isto ocorre cada 5 ou 6 anos, e ás veces teremos que esperar ata 11 anos para poder vivir o Ano Santo.

No 2021 celebrase o Xacobeo, ano no que todos aqueles peregrinos que visiten a tumba do Apóstolo na Catedral de Santiago de Compostela conseguirán a indulxencia plenaria ou o perdón de todos os seus pecados.


Tan só cinco cidades do mundo contan con este poder: Compostela, Roma, Xerusalén, Santo Toribio e Caravaca de la Cruz.

É a primeira vez en toda a historia que a Porta Santa de Compostela permanecerá excepcionalmente aberta dende o xoves 31 de decembro de 2020 ata o 31 de decembro de 2022.

Pero que boas trae isto para Galicia? O Xacobeo ten unha grande importancia cultural, social e turística, que xira ao redor da experiencia de percorrer o Camiño de Santiago. Por iso, despois de que o turismo estivese parado por mor da pandemia, este é en realidade un gran impulso para pón en marcha o motor do turismo en Galicia e en xeral para toda España, xa que, xente de todo o mundo achégase ao Apóstolo nesta festividá.

Camiña a Galicia

É por iso polo que Galicia apostou por dar unha gran visibilidade do camiño a través dun spot publicitario moi emotivo de 150 segundos, "Camiña a Galicia", que resume o potencial turístico galego e invita a que ningén se perda este dobre ano Xacobeo. O spot está acompañado dunha canción de Xoel López, Lodo.



CONCIERNICADOS

Este curso iniciamos unha colaboración con Cáritas para facer chegar a realidade das persoas sen fogar a toda a nosa comunidade educativa. Unha exposición de fotos, montada grazas aos alumnos da profesora Nati Señoráns, achegounos a visión destas persoas a través de fotos e retratos realizados polos acollidos pola ONGUÉ



CONCIENCIADOS

Un ano máis, conmemoramos o Día Contra a Violencia de Xénero. Desta vez, o grupo de alumnos da FP Básica de Servizos Comerciais, coa súa profesora Mara á cabeza, unluse os actos programados polo Concello reivindicando unha sociedade sen agresións.

No noso IES, o alumnado da ESO derrubou o muro da violencia e leo unha declaración neste 25-N



Magosteando no noso IES



POCO

SHOT ON POCO F2 PRO

Os profes tamén se animaron. E tamén puidemos gozar da axuda do inestimable Juanjo, e doutros profes xubilados como Avelino, Pepe e Luis, que non dubidaron en facerse cargo da grella.

Si ou si, este curso recuperámos o magosto en todo o seu esplendor.

Toda a comunidade educativa participou na celebración.

Os espazos comúns vestíronse para a ocasión e, no patio, as castañas, os chourizos, o chocolate quente e os biscoitos fixeronos a xornada muito máis agradable!



POCO

SHOT ON POCO F2 PRO

Non sobrou pero nadiña, nadiña!!!!

Entroido regueifeiro no Cotarelo



A decoración do Centro foi elaborada polo alumnado da FP Básica de Servizos Comerciais. Empregaron produtos reutilizados e reutilizables, co que tamén tiveron presente o noso proxecto Erasmus.

Neste curso tentamos recuperar a normalidade nas nosas festas de gardar. E, entre as festas, o Entroido, que nesta ocasión veu acompañado con regueifas sanitaria). Para o próximo curso, más. ■



Os alumnos de 4º da ESO non perderon detalle co seu equipo de gravación



HISTORIA DE NINTENDO

Por Héctor Vidal Soto, 3º ESO A



Nintendo comezou como unha pequena empresa xaponesa creada por Fusajiro Yamauchi a finais do 1889. O nome completo era Nintendo Koppai e comezou como unha empresa de cartas chamada Hanafuda.



No 1959, Nintendo chega a un acordo con Walt Disney para incorporar os seus personaxes animados nas súas cartas. En 1963 a compañía cambia de nome a Nintendo Company Ltd. En 1969 crean xogos de mesa como o xadrez shogi, o taboleiro go e o mahjong. No 1970 iniciause a venda do primeiro xoguete electrónico en Xapón, unha pistola electrónica.

Motivados polo éxito dos videoxogos fan un trato con Mitsubishi Electric para crear outros produtos similares. Actualmente Nintendo é unha das empresas más importantes no mundo dos videoxogos. Todas as súas consolas son moi ben acollidas polos fans.

No top 20 das consolas máis vendidas ao largo da historia a nivel mundial, a metade pertencen a Nintendo. A máis vendida ata agora é a Nintendo DS. Agora só queda esperar a seguinte sorpresa desta compañía.

LENDAS XAPONESAS DE SUSPENSE

Por: Sofía Chorén Presas

INTRODUCCIÓN

Esta presentación trátase dun percorrido polas lendas de Xapón más famosas e cheas de suspense.

ÍNDICE DAS LENDAS

01

TEKE TEKE

02

KUCHISAKE-ONNA

03

A BONECA OKIKU

04

TOMIMO'S HELL

01

A LENDA DO TEKE TEKE

BREVE HISTORIA

Actualmente a lenda di que o seu espírito segue circulando por Xapón. Aparece como unha muller fermosa que leva unha máscara que tras unha serie de preguntas sobre a súa beleza acáballa quitando deixando ver a súa gran ferida.

Independentemente da resposta, todas as persoas que se cruzan con ela acaban tráxicamente.

Un dia de verán cando esperaba polo tren os seus compañeros achegáronse e colocáronlle unha cigarra no ombreiro. Tratou de quitarlla de forma exhaustiva pero accidentalmente caiu sobre as vias do tren e ao pasar este o seu corpo acabou partido pola metade.

Time
18:15

Answers to your questions

Theoretical mechanics makes a breakthrough!
This is unbelievable.

A VENGANZA

Un dia os tres amigos ían camiñando pola rúa cando escoitando un son estranxo. Cando se viraron viron ao espírito da súa compañeira pero só a parte superior desta.

Para igualar as condicións a pantasma partiunos pola metade cunha gadaña a pesar de que eles tratasesen de fuxir.



02

A LENDA DE KUCHISAKE-ONNA

Answers to your questions

QUESTION 1: ¿QUÉ ES UNA KUCHISAKE-ONNA?

ANSWER: Una kuchisake-onna es un fantasma japonés que aparece en la noche y mata a las personas que se quedan solas en casa.

QUESTION 2: ¿QUÉ HACE UNA KUCHISAKE-ONNA?

ANSWER: Una kuchisake-onna suele matar a las personas que se quedan solas en casa.

QUESTION 3: ¿QUÉ HACER SI SE ENCONTRA CON UNA KUCHISAKE-ONNA?

ANSWER: Si se encuentra con una kuchisake-onna, lo mejor es huir lo más rápido posible.

QUESTION 4: ¿QUÉ SABES SOBRE LAS KUCHISAKE-ONNA?

ANSWER: Las kuchisake-onna son fantmasas que aparecen en la noche y matan a las personas que se quedan solas en casa.

QUESTION 5: ¿QUÉ HACER SI SE ENCONTRA CON UNA KUCHISAKE-ONNA?

ANSWER: Si se encuentra con una kuchisake-onna, lo mejor es huir lo más rápido posible.

BREVE HISTORIA

Esta lenda baséase no período Heian e trata dunha muller moi fermosa casada cun samurái. Ela era pretendida por moitos homes e adoitaba serlle infiel ao seu marido con eles.

El estaba ao corrente polo que, nun ataque de celos, cortouelle a boca. Debido ao remorso máis tarde o esposo acaba suicidándose.



ACTUALIDADE

Actualmente a lenda di que o seu espírito segue circulando por Xapón. Aparécese como unha muller fermosa que leva unha máscara que tras unha serie de preguntas sobre a súa beleza acáballa quitando deixando ver a súa gran ferida.

Independentemente da resposta, todas as persoas que se cruzan con ela acaban tráxicamente.


03

A BONECA OKIKU

BREVE HISTORIA

Esta lenda sitúase no ano 1918 cando Eikichi Suzuki unha moza xaponesa decidiu regalarlle á súa irmá de 2 anos, chamada Okiku, unha boneca tradicional.


Pouco despois, desgraciadamente, a irmá pequena faleceu por mor dun arrefriado.



MÁIS ADIANTE...

A familia decidiu colocar a boneca nun altar para rezarlle a Okiku e pouco despois deronse conta de que lle crecía milagrosamente o pelo, polo cal asumiron que o espírito da pequena atopábase dentro dela.

Actualmente a boneca atópase en exhibición e o seu pelo é cortado periodicamente.



04

A LENDA DE TOMIMO'S HELL

SOCIETY OF HORROR Answers to your questions

QUESTION: What's the best way to get rid of a poltergeist?

ANSWER: There are many ways to get rid of a poltergeist, but here are some general tips:

1. Exorcism: If you suspect that your home is haunted by a poltergeist, it's important to seek professional help from a spiritual advisor or exorcist.

2. Spiritual cleansing: You can try performing a spiritual cleansing ritual to remove negative energy from your home.

3. Protection: You can use various protective measures such as amulets, talismans, or incense to ward off evil spirits.

4. Communication: Try communicating with the spirit through mediums or channeling techniques.

5. Physical removal: If all else fails, you may need to physically remove the spirit from your home.

Remember, safety is always the top priority when dealing with a poltergeist.

EXPLICACIÓN

Esta lenda ten de protagonista un poema chamado "Tomimo's Hell" parte dun libro chamado "The Heart is Like a Rolling Stone" escrito por Yomota Inuhiko no ano 1918.

A historia trata de como Tomimo morre e baixa ao inferno.



A lenda fala de que se por algunha razón chegas a ler o poema en voz alta morrerás, de feito, o mesmo poema posúe unha introdución que o advirte. Algunhas persoas que o lerón actualmente atópanse desaparecidas...

Time
18:15

Theoretical mechanics makes a breakthrough! This is unbelievable.

- bairr que yo ju abai
- qf para san ba qf para
- qf bairr e
- ita de aqen infeliz
- en ne qf y - bairr ne
- bairr qf para ba
- ur e er e ur
- infeliz urla e infeliz
- bairr para e qf para
- qf para san ba qf para
- qf bairr e
- ita de aqen infeliz
- en ne qf y - bairr ne

GRAZAS POLA SÚA ATENCIÓN.

Prin News

Quisque sed voluntat est, sed sed
- bairr - bairr
- er e er
- infeliz
- bairr
- qf para

VIRGIL ABROHL, PEFIL

O CREADOR DA MARCA STREETWEAR "OFF-WHITE"

Por Antía Hermida Oliveira, 3º ESO A



Naceu o 30 de setembro de 1980 en Rockford, Illinois, dunha parella de inmigrantes ghaneses. A súa nai era costurera. O seu pai era xerente nunha compañía de pintura. Abloh foi criado en Rockford, onde asistiu al Boylan Catholic High School onde se graduou en 1998. É titulado pola Universidade de Winsconsin-Madison no 2002 cun grao de Licenciatura en Ciencias enxeñaría civil. Recibiu unha Maestría en Arquitectura polo Instituto de Illinois de tecnoloxía en 2006.

Despois de graduarse na universidade, fixo unha pasantía en Fendi na mesma clás que o rapero Kanye West, en 2009. Os dous iniciaron unha relación de colaboración empresarial. Un ano despois, nomeou a Abloh director creativo da súa axencia creativa, Donda.

En 2011, West pediulle ser o director artístico do álbum *Watch the Throne* de Jay-Z/Kanye West. E no ano 2012, Abloh lanzou a súa primeira compañía, Pyrex Vision, unha pequena boutique de costura. Streetwear Abloh mercaba saldos de roupa de Ralph Lauren por \$40USD, imprimía deseños e vendíao a prezos por enriba de \$550USD. Pechou a compañía un ano despois, xa que non era a súa intención convertila en empresa comercial senón facer experimento artístico.



Fundou a súa primeira casa de moda e o seu segundo negocio en xeral no 2013 coa marca de "streetwear" de luxo Off-White. Lanzou a liña de roupa para mulleres da compañía en 2014 e presentou as coleccións da Semana da Moda en París. A súa liña estivo seleccionada como finalista para o premio IVMH, un recoñecemento da industria que foi dado ese ano a Marques'Almeida e Jacquemus. Virgil lanzou a súa primeira tenda de concepto para Off-White en Tokio, Xapón, onde iniciou a rama de mobleiría da marca: Grey Área.

O 25 de marzo de 2018, foi nomeado director artístico de Louis Vuitton, na liña de roupa pret-à-porter para homes, sendo a primeira persoa afrodescendente en dirixir a liña de home e tamén un dos poucos deseñadores con pel negra en ter unha posición nunha casa da moda francesa importante. Ao aceptar o posto dixo "É un honor para mi aceptar esta posición". Virgil mostrou a súa primeira colección para Louis Vuitton na semana da moda en 2018 no Palais Royal en París. Rihanna foi a primeira persoa vestida por Abloh antes do espectáculo.

Abloh coñeceu a súa muller, Shannen Sundberg, na preparatoria. Casaron no 2009. Tíña unha casa en Lincoln Park, Chicago onde vivía coa súa parella e os seus fillos, Ioseph e Grey. Pertencia á tribu Fwé da relixión de Volta en Ghana.

O 28 de novembro de 2021, Virgil falleceu vitima de un tipo de cancro agresivo, o angiosarcoma cardiaco, enfermidade que mantivo en privado dende o seu diagnóstico no 2019 e para a que se someteu a diferentes tipos de tratamentos.

OS NOSOS GRADUADOS

Un curso máis, tivemos que despedir a varias das nosas promocións. O alumnado de 4º da ESO, de 2º de Ciclos Formativos e de 2º de Bacharelato remataron unha etapa pero tamén abriron outra.

Confiamos nas súas habilidades para afrontar eses novos retos que se lles han presentarl



A música fol un agasallo dos profesores, Ángel Alonso, Juan Nieto e o director, Ignacio Castro



Ibtisam foi unha das representantes dos alumnos que agradeceu o seu paso polo Cotarelo



OS NOSOS GRADUADOS

O alumnado de Bacharelato ten por diante unha nova etapa, ben no mundo laboral, ou ben na Universidade. Ao igual que o alumnado de 4º da ESO: algúns quedarán con nós, no Bacharelato ou en Ciclos; outros, marchan a descubrir mundo. Para todos eles, o noso cariño



Jorge e Dario, e Georgett, Noemi e Javi foron os encargados dos discursos dos alumnos



Profesores e titores entregaron os diplomas os nosos estudiantes

A natureza de Galicia

Galicia é una comunidade española formada polas provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. O seu territorio, cunha superficie total de 29.574km², está situado no extremo noroeste da Península Ibérica.

Por Lara Rodríguez Freijo, 3º ESO A



Na xeografía gallega destaca o contraste entre o relevo costeiro e o de interior:

A costa galega

A costa galega conta con diversos cantís, praias e caracterízase pola presenza das rias, destacadas por ser das zonas pesqueiras más importantes do mundo.

A erosión do océano Atlántico na costa galega contribuíu á presenza de multitude de cabos como Estaca de Bares, cabo Ortegal, cabo Fisterra, ...

Ad longo da costa galega atópanse un gran número de arquipélagos que destacan tanto polos seus fondos mariños como polas súas colonias de aves mariñas. Os principais grupos de illas son os arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora que xunto coa illa de Cortegada forman o Parque nacional das Illas Atlánticas; e as illas de Arousa, Sisargas e Malveiras.

A Galicia interior

Galicia no seu interior é de montañas baixas. As pendentes suaves ás veces ceden o paso a ladeiras escabrosas, como acontece nos cañóns do río Sil. Noutras zonas aparecen amplos vales, ainda que son minoritarios.



Os principais cumios de Galicia son Pena Trevinca (2.127 m), Pena Survia (2.095 m), Alto do Tomo (1.942 m), Maluro (1.925 m), Monte Cuiña (1.987 m) e Cabeza de Manzaneda (1.778 m).

A natureza de Galicia

A flora galega

Galicia ten unha gran extensión de monte onde se desenvolven importantes especies forestais en estado natural. O bosque típico galego está formado por especies caducifolias, como o castiñeiro, bidueiro, ameñeiro e o carballo, que é o máis representativo do bosque atlántico de Galicia. As matogueiras deste bosque están formadas por lieitos, breixas, lousas e xestas.

Debido á acción humana a súa formación veuse reducida nos últimos anos. É por elo que a paisaxe dos montes galegos está hoxe formada sobre todo por pinares, e dende fai uns anos, por bosques de eucaliptos, que en algunas zonas desplazan aos anteriores.

Dentro do aproveitamento da terra fóreronse introducindo diversos cultivos, pero respecto á cantidade de terra adicada compiten cos pastos para o gando debido á importancia económica destes.



A fauna galega

Existen en Galicia 262 especies de vertebrados inventariados, dos que 12 son peixes de augas doces, 15 anfibios, 24 réptiles, 152 aves e 59 mamíferos.

En Galicia existe unha gran cantidade de animais domésticos que corresponden ás explotacións gandeiras, pero nos bosques e montes galegos albergan unha variedade de fauna salvaxe que podemos clasificar segundo a paisaxe na que se atopan:

A fauna das serras: nos bosques das montañas hai mamíferos grandes como o gamo, o corzo e o lobo, e outros más pequenos como son o leitón, a marta, a garduña e as aves de rapina.

A fauna do interior: algunhas das especies animais que salientan son o coello, a lebre, o ratoxo, o ourizo cacheo, a perdiz, a troita e o barbo.

A fauna da costa: nas lagoas costeiras podemos ver aves como as garzas reais, as garzas cinsentas, os culereiros, os parrulos e as galiñolas; nos cantís viven aves mariñas como as gaivotas, os corvos mariños, as pardelas, os mascatos e os puiños; nas praias, aves como a gabita e a pillara.



GO GREEN ERASMUS PROJECT

ERASMUS+ LEADERCL

Este curso iniciamos no Cotarelo a experiencia Erasmus. Comezamos esta andaina cun proxecto para o alumnado de 4º de ESO. Un proxecto que busca a sustentabilidade do noso contorno e a toma de conciencia sobre as nosas decisión de consumo.

Durante este 2022 visitamos a escola dun dos nosos socios, en Estocolmo. Pero para o próximo curso teremos que marchar a Turnhout, en Bélgica, e recibir os nosos compañeiros suecos, lusos e belgas. Así que seguiremos vivindo o Erasmus en cada rincón do noso instituto.



CHEGADA E BENVIDA A ESTOCOLMO

GO GREEN ERASMUS PROJECT



DE PICNIC
NUN DOS
PARQUES
NACIONAIS
SUECOS

GO GREEN ERASMUS PROJECT



EN SKANSEN, NUN PARQUE TEMÁTICO



POCO
GLAZED POCOFRÍAS ERG

GO GREEN ERASMUS PROJECT



UNHA RUTA POR ESTOCOLMO, A CIDADE DOS MUSEOS

GO GREEN ERASMUS PROJECT



TAMÉN SE TRABALLOU, QUE QUEDÉ CLARO!!!

GO GREEN ERASMUS PROJECT



FIKA TIME AND PARTY TIME!!! FAME NON PASAMOSI

SHOT ON FOODIE PRO

EN GUERRA CONTRA OS MICROPLÁSTICOS

Durante este curso organizamos varias actividades enmarcadas dentro do proxecto Erasmus. Todas elas na procura dunha maior sustentabilidade e conciencia medioambiental.

Entre todas esas acción destacamos a colaboración coa Fundación Oxígeno, que chegou ao Cotarelo para explicarnos como os microplásticos afectan a nosa vida cotiá e danan os ecosistemas mariños.



Reconocer os microplásticos, evitálos e, no caso de ter que utilizarlos, aprender a reciclarlos resulta fundamental para coidar e preservar os nosos ecosistemas

EN GUERRA CONTRA OS MICROPLÁSTICOS

Aproveitamos a vornada formativa que nos ofreceu a Fundación Oxígeno para que o alumnado de 4º puxera en práctica as súas habilidades, aptitudes e conocementos audiovisuais.

As entrevistas e gravacions aproveitaronse para completar a realización do documental do que nos encargamos dentro do programa Erasmus.



A Fundación Oxígeno é unha

Organización sen Ánimo de Lucro que, dende o ano 2001, adicase á formación medioambiental e tamén á cooperación internacional.

Entre os múltiples programas formativos que coordina está o que tivemos oportunidade de aproveitar no centro, A Mar de Limpo, centrada na concienciación para o coidado dos ecosistemas mariños.

DÍA DA TERRA

Como nos gusta conmemorar, celebramos todo. Así que no podía faltar un acto para lembrar o Día da Terra.

O alumnado de 4º encargouse de plantar no patio dúas especies autóctonas e, o que acabou por gañar a todos os asistentes—sobre todo, por convencer os estómagos dos asistentes—foi o concurso de tartas, o Dirty Cake Day. A competición estivo moi reñida. E é que todos os biscoitos estaban para chupar os dedos!



Jorge, Dario e Dani exerceron de agricultores de pro





DEPORTES

A BELEZA DA PATINAXE

Por Alba Gómez Vega, 1º BACH B



A patinaxe é un deporte que consiste en deslizarse sobre unha superficie regular mediante uns patín postos nos pés, que poden ser de rodas o con coitelas, dependendo no chan onde vaimos patinar.

- En xeo: no que se utilizan uns patínns con coitelas para que se deslice sobre el.
- Asfalto, herba ou pavimento sólido: no que se utiliza rodas que poden ser en 4 rodas ou en liña.

Existen distintos tipos de patinaxe:

- **Patinaxe artístico sobre xeo:** consiste en interpretar unha peza musical patinando sobre unha pista de xeo e realizando piruetas, xiros, saltos e acrobacias cuns patínns con coitelas.
- **Patinaxe extremo sobre xeo:** é un deporte extremo sobre xeo no que o propósito é realizar acrobacias, similares ás que fan na monopatinaxe, na patinaxe agresiva e no ciclismo. Esta modalidade de patinaxe é un deporte relativamente novo fundado en 2005 por Dan Perceval.
- **Patinaxe de velocidade sobre xeo:** consiste en carreiras de varias distancias sobre unha pista de xeo con forma alargada na que os competidores van provistos de patínns.

→ **Patinaxe sobre rodas:** disciplina deportiva de deslizamento na que os participantes fan figuras, saltos, piroetas e outros exercicios técnicos utilizando patínns sobre rodas. Requiere unha boa preparación física e unha gran capacidade de concentración. Pódese competir en varias categorías: patinaxe libre, figuras obligatorias, patinaxe artístico, parellas de danza, Solo Dance, grupos Show, cuartetos e patinaxe sobre rodas en liña

→ **Patinaxe callejero:** modalidade de patinaxe practicada cun par de patínns na que a súa característica principal e que son de "bota dura" e teñen reforzo na taloneira; tamén se pode practicar cos patínns chamados de fitness pero non é recomendable..

→ **Roller Derby:** deporte de contacto, velocidade e estratexia orixinario de EE. UU. A mecánica do xogo basease nunha carreira sobre patínns tradicionais o redor dunha pista ovalada en sentido contrario das agullas do reloxo, onde dous equipos de 5 xogadoras cada un en pista (1 anotador, 4 defensas), compiten entre si co obxectivo de acumular a maior cantidade de puntos posibles a medida que o anotador vai pasando os xogadoras defensores que teñen permitido impedir a obstaculizar o seu paso mediante o contacto físico regularmente. O obxectivo do xogo é anotar máis puntos co equipo contrario, sendo o gañador o equipo con máis punto o final da partida.



DEPORTES

RAFA NADAL VOLVE CON FORZA

Por Uxía Soto Farto, 3º ESO A



Despois de case catro meses e medio sen competir e tras o proceso de rehabilitación do pé esquierdo, Nadal regresou a unha pista de tenis viaxando a Abu Dhabi para participar no Campionato do Mundo de Tenis De Mubadala, un torneo de exhibición que se celebra actualmente na capital, os Emiratos Árabes. Tras o seu regreso a España, Nadal anunciou o pasado 20 de Decembro nas súas redes sociais que dera positivo en COVID-19, deixando no aire a súa participación no primeiro Gran Slam do ano: O Open de Australia. Varios días despois de pasar a súa enfermidade, o español viaxou a terras australianas anunciando a súa participación no Open De Australia.

O 17 de Xaneiro comezou o Open de Australia, Rafa chegou aos octavos de final do torneo, onde se enfrentaría ao francés Adrián Mannarino, ao que tamén gañaría con facilidade.



Nadal chegou aos cuartos de finais do torneo por décimo cuarta vez na súa carreira onde se enfrentaría ao mozo Denis Shapovalov, e ao que derrotaría, nun partido que durou máis de catro horas e no que o español sufriu un golpe de calor que o tivo ao borde da retirada. Tras esa vitoria marcada pola épica, Nadal regresou as semifinais do Open de Australia tres anos despois, o tricésimo sexto na súa conta privada. Nelas mediríase ao italiano Matteo Berrettini, ao que vencería apenas en tres horas. O español amosando un excelente nivel de xogo e confianza como non amosaba en meses, conseguiu chegar á final do primeiro Grand Slam do ano por sexta vez na súa carreira e a vixésimo novena pola súa conta personal. O seu rival sería o favorito ao título e números dous do mundo, o ruso Daniil Medvedev, e ao que derrotou nos seus dous únicos enfrontamentos en finais: tanto no Canadian Masters 1000 de 2019 como na final do Open dos Estados Unidos tamén en 2019.



DEPORTES

ALEXIA PUTELLAS, PERFIL GAÑADOR

Por Naira Vázquez Brea, 3º ESO B



Os inicios da futbolista déronse no recreo do colexio, onde era a única rapaza onde xogaba cos rapaces. Máis tarde, comezaría a xogar en categorías inferiores do Sabadell. Tras varias tempadas en diversos equipos, a xogadora decidiu fichar polo Barça, con tan só 12 anos.

Comezou a estudar Administración e Dirección de empresas, carreira que deixou xa que non a podía compaxinar co que realmente a ela lle gustaba. Así puido centrarse en xogar co Barça e a selección. Iso fixo que Alexia chegase a onde hoxe se atopa.

Alexia chegou a gañar un balón de ouro, converténdose deste modo na mellor futbolista e primeira muller española en conseguir tal premio. A número 11 do Barcelona Fútbol Club logrou tamén o que coñecemos como *tríplete*, que se refire a un conxunto de tres trofeos gañados: a Liga, a Copa da Reina e a Champions League. A xogadora tivo un importante papel nestes trunfos como centrocampista e como unha das máximas goleadoras.

ENTREVISTA A ALEXIA

- Que significaría para ti gañar ese balón?

- No caso de gañar ese balón representaría un antes e un despois para o país, xa que sería a segunda española, tras Luis Suárez no 1960, en conseguir este premio.

- En nun aspecto máis persoal?

- Claro que agradezo o recoñecemento, a todos nos gusta. Pero non alteraría a miña maneira de ver, traballar e adestrar este deporte.

- Crees que un futbolista masculino cos mesmos éxitos ca ti ía ter o mesmo recoñecemento?

- Sen dúbida. O espazo nos medios de comunicación adicados a deporte femenino é realmente minoritario. O que provoca unha gran decepción para as xogadoras.

- Atopas contidos sexistas sobre ti?

- Non é o meu caso en especial, pero si o de moitas das miñas compañeiras. Afeta incluso ás periodistas. Non é unha cuestión que afecte ás protagonistas da noticia senón á muller en xeral.

Alexia Putellas é unha gran referente para todos e sobre todo TODAS as rapazas que xogan ou queren xogar a este deporte, que ás veces é tan machista





DEPORTES

O REGRESO DE MARC MÁRQUEZ

Por Nerea Xiao Suárez López, 1º BACH A



O domingo 10 de abril celebrouse o Gran Premio das Américas de Moto GP. Enea Bastianini, piloto italiano foi o que logrou a primeira posición, detrás del o español Álex Rins e de terceiro Jack Miller. Na sexta posición quedou o catalán Marc Márquez, que despois dunha malaracha volveu máis forte que nunca. Marc Márquez regresou á pista despois dunha terrible caída no Warm up previo ao Gran Premio de Indonésia, celebrado o 20 de marzo. Este accidente produciuse a unsdous metros de altura cos que logo impactou contra o chan. O golpe de Marc Márquez contra o asfalto foi brutal, afortunadamente o piloto saiu polo seu propio pepe logo ser transladado a un hospital e facerlle algunas probas despois da dura caída. Segundo os doutores que o trataron, sufriu un traumatismo craneoencefálico co que levou por detrás unha diplopía, vista doble que xa sufrira anteriormente. Despois desta mala racha, Marc Márquez volveu ademostrarnos o increíble piloto que segue sendo. Neste Gran Premio das Américas quedou na sexta posición. Sai da parrilla dende a décima posición e quedouse atrás despois dunha mala saída que o deixou na última posición. Na primeira curva do circuito estivo na vixésimo cuarta posición, na primeira volta xa avanzara

cara a décima oitava posición, na séptima volta adiantouse denovo e volveu a ponerse na súa posición do inicio da carreira, de dédimo, e despois de duros esforzos logrou passar a meta na sexta posición. Ao remate desta carreira Marc argumentaba que se sentía satisfeito co traballo que fixo ainda que el cría que podía quedar en mellor posición se non tivese o problema coamoto ao inicio da carreira. Tamén dixo que estes resultados motivan moi para o seguinte premio, o Gran Premio de Portugal do próximo 24 de abril.

Quen é Marc Márquez? Marc Márquez é un piloto de motociclismo español que compite en Moto GP. Naceu o 17 de febreiro de 1993 en Cervera, Lérida. Gañou oito títulos do Campionato do Mundo de Motociclismo en tres categorías diferentes; 125cc (2010), Moto2 (2012) e seis veces en MotoGP (2013, 2014, 2016, 2017, 2018 y 2019). Na actualidade é piloto do equipo Repsol Honda. Ten un irmán pequeno, Álex Márquez que tamén é piloto de Moto GP.



"Allí había miles de fragmentos de vidas humanas..."

Así debían comenzar os relatos participantes. Os gañadores foron...

ESO

1º PREMIO

Thibauld Warnier

Un mar de esperanza

FINALISTA

Álvaro Abalo

Un cambio en mi forma
de ver el mundo

ACCÉSIT

Íker Porto

Limpando la playa

BACHI E CICLOS

1º PREMIO

Carlos Rodríguez Pérez

Ahogados

FINALISTA

Beatriz Fdez. Montáns

Regeneratio Phoenix



PREMIOS AO MÉRITO, AO ESFORZO E AO RENDIMENTO



Como vén sendo habitual, o final de curso tamén é momento de recoller os méritos dos nosos alumnos. Nesta ocasión, agrádese o esforzo tanto nos estudos como no ámbito deportivo, así como as grandes colaboracións coas actividades complementarias e os obradoiros dos departamentos.



**Non se sabe
quen estaba
máis contento,
se os profes ou
os gañadores**



MenudaPeli

CURSO DE CINE NO COTARELO. SOMOS GREEN

Durante todo este curso, os alumnos de 4º AGRUPAMENTO aprenderon e puxeron en práctica ao seu labor detrás das cámaras.

Dentro do programa Erasmus, eles encargáronse de escribir, preparar, gravar, entrevistar e editar un documental sobre os efectos da pegada ecolóxica e como as nosas decisións de consumo poden marcar unha gran diferenza no coídado do noso medio natural.

A súa obra será publicadas e estará a disposición de toda a comunidade educativa ■



ASÍS URIARTE, PRODUCTOR E REALIZADOR, ADE-
MAIS DE DIRECTOR DA EMPRESA "MENUDA PELI",
GUIOU OS NOSOS ALUMNOS DURANTE TODO O
PROCESO CREATIVO



A RUTA DE CATOIRA

FIN DE CURSO



POCO

SHOT ON POCO F2 PRO



POCO

SHOT ON POCO F2 PRO

A ruta transcurriu ao carón da ría, visitando as Torres e o centro de información histórica de Catoira



FONDO SOCIAL EUROPEO

IES ARMANDO COTARELO VALLEDOR
C/ Armando Cotarelo Valledor, 1 - 6
36611 Sobradelo
Vilagarcía de Arousa - Pontevedra
Tlfno.: 986 512 311
Fax: 986 512 655
E-Mail: ies.cotarelo.vilagarcia@edu.xunta.es
WEB: <http://centros.edu.xunta.es/iesarmandocotarelo>